

A muller no mercado laboral en Galiza (2012)



Gabinete técnico confederal

Muller 2012

Un ano máis. a Confederación Intersindical Galega aproveita a data do **8 de Marzo, Día internacional da Muller Traballadora**, para denunciar a situación na que se atopan a maioría das mulleres neste país, especialmente nesta etapa, cando levamos un lustro inmersas nunha crise sen precedentes na nosa historia recente. A experiencia dinos que, cando a situación económica se agrava, sempre existen grupos que sofren as consecuencias con máis virulencia; e as mulleres, en calquera país do mundo, sempre os encabezan.

Unha situación de crise prolongada ten consecuencias máis alá das estritamente laborais que reflicten as estatísticas sobre o mercado de traballo. Así, redúcense os fondos destinados a servizos sociais, redúcense os fondos destinados a políticas de igualdade, increméntanse fortemente as desigualdades sociais, etc., retrocedéndose en pouco tempo o que levou anos conseguir.

No lustro que levamos en Galiza inmersas neste estado de cousas, xa son claramente visíbeis moitas das súas consecuencias, e unha vez máis son as mulleres as que saen moi mal paradas desta situación.

As primeiras partidas orzamentarias que sufriron os maiores recortes nos orzamentos da Xunta de Galiza foron as directamente relacionadas coas mulleres: o programa de conciliación da vida laboral e familiar e mais o de promoción e protección da muller reducíronse en máis dun 80% desde o ano 2009.

Pero outros programas, aínda que directamente non vaian dirixidos ás mulleres, a súa existencia ou non, vai afectar directamente á vida destas. Por exemplo, o programa de dependencia, xa que, na medida en que estes fondos se reducen, cada vez vai haber máis mulleres facéndose cargo das persoas dependentes.

O empeoramento da situación das mulleres é moi sutil, e máximo nunha crise como a actual na que non foron, en principio, as máis prexudicadas en termos de perda de postos de traballo, xa que a destrución de emprego comezou por ramas de actividade onde a presenza da muller era menos numerosa, ou moi escasa, como o sector da construción.

Por outra banda, na medida que esta situación se prolonga, intentan acceder máis mulleres ao mercado de traballo, mulleres que probabelmente nunca traballaron, xa que o único grupo de activos que medra é o de mulleres de máis de 55 anos. Pasar a activas neste momento, moi posibelmente na maioría dos casos, agoche unha situación dramática de falta de ingresos.

Incorpóranse ao mercado de traballo mulleres que con bastante probabilidade nunca traballaron e de idade “avanzada”, e marchan para fóra, emigran, mulleres novas, formadas e na mellor idade para traballaren.

Mais non só se está destruindo emprego, tamén se está producindo unha enorme deterioración das condicións de traballo das persoas que manteñen o seu posto de traballo ou das que acceden a el neste contexto. Sobre esta deterioración apenas existen datos e menos desagregados por sexo, polo que a xornada ou os ingresos medios poden servir de referencia.

Afondando na situación actual, logo dun lustro de crise, de destrución de emprego, de deterioración das condicións laborais dos que manteñen o posto de traballo, etc., as medidas dos distintos gobernos -sexa o autonómico sexa o central- consistiron en: modificacións lexislativas tendentes a abaratar e facilitar o despedimento, endurecer as condicións para ter acceso a unha pensión, incrementar os impostos indirectos (totalmente discriminatorio), reducir as partidas destinadas a gasto social ou incrementar as axudas á banca.... En resumo, aumentar as desigualdades sociais e o empobrecemento da maioría da poboación, obrigando a unha parte importante desta a vivir practicamente na indixencia.

Ante este espolio, polo abandono dos poderes públicos ante esta situación, por mor dun sistema que segue abrindo fendas entre as clases sociais e artellando unha división sexual da sociedade e do traballo que prexudica as mulleres tanto como no 1911 cando se conmemorou por vez primeira o 8 de marzo, por todas as discriminacións que están sufrindo, as mulleres están fartas. E de tanto escoitar nos últimos tempos esta palabra, espolio, a CIG decidiu levala ao lema co que conmemora este ano o Día internacional da Muller Traballadora.

Aproveitamos tamén a dita conmemoración, como cada ano, para denunciarmos a situación laboral na que se ven as mulleres galegas. Normalmente a comparación coa situación dos homes servíanos de referencia para medir a magnitude do problema, pero hoxe topamos co paradoxo de que cada vez son máis semellantes, o que non nos debe facer pensar que mellorou a das mulleres, xa que a realidade non é esa, senón que o maior empeoramento da situación laboral dos homes é o que está a achegar unha e outra situación.

Un dos indicadores que máis delatan esta evolución é o da taxa de paro. Deste xeito, a taxa de paro feminina duplicaba a masculina tradicionalmente, mais desde que entramos nesta profunda crise, e a destrución de emprego masculino foi tan "brutal", as diferenzas hoxe apenas son dignas de mención. Non é este o único indicador que evoluciona desta maneira, xa que por exemplo o incremento da poboación activa tamén se comporta de maneira semellante. Así, desde o ano 2008 a masculina descendeu en preto de 3 puntos, os mesmos que medrou a feminina.

No que atinxe á análise dos datos imos comezar pola evolución da poboación activa.

Poboación activa por grupo de idade e sexo.

	2008	2011	2012	Variación absoluta	
				2012/2011	2012/2008
Total					
Total	1.314,80	1.311,20	1.310,20	-1,00	-4,60
Homes	726,4	699,8	695,8	-4,00	-30,60
Mulleres	588,4	611,4	614,3	2,90	25,90
De 16 a 24 anos				0,00	0,00
Total	115,3	87,1	82,8	-4,30	-32,50
Homes	67,5	49,4	44,2	-5,20	-23,30
Mulleres	47,8	37,7	38,6	0,90	-9,20
De 25 a 54 anos				0,00	0,00
Total	1.030,00	1.041,00	1.035,60	-5,40	5,60
Homes	558,5	551,2	546,5	-4,70	-12,00
Mulleres	471,5	489,7	489	-0,70	17,50
De 55 e máis anos				0,00	0,00
Total	169,5	183,1	191,8	8,70	22,30
Homes	100,4	99,2	105,1	5,90	4,70
Mulleres	69,1	83,9	86,7	2,80	17,60

Fonte: EPA. INE.

Desde que no ano 2008 se instalou a crise en Galiza, contamos con 4.600 activos/as menos, pero cunha evolución totalmente oposta se falamos de homes ou mulleres. Entre os homes a poboación activa reduciuse en 30.600, mentres que, neste momento, hai 25.900 mulleres máis en activo que hai 5 anos.

Esta tendencia mantense practicamente nos distintos grupos de idade agás entre a mocidade, onde tamén descende a poboación activa feminina. Trátase das e dos menores de 24 anos, que nun lustro descenderon en 32.500 persoas, dos cales 9.200 foron mulleres.

Outro dato a salientar do cadro anterior é o incremento de activas máis alá dos 55 anos, unha idade xa tardía para se incorporar ao mercado de traballo, agás en caso de necesidade.

Porén, non chega con incorporarse ao mercado de traballo, senón que cómpre atopar un emprego, algo difícil nesta situación.

Poboación ocupada por grupos de idade e sexo.

	2008	2011	2012	Variación absoluta	
				2012/ 2011	2012/ 2008
Total					
Total	1.200,10	1.083,00	1.039,40	-43,60	-160,70
Homes	672,7	583,4	550,7	-32,70	-122,00
Mulleres	527,4	499,5	488,7	-10,80	-38,70
De 16 a 24 anos					
Total	90,9	54,4	45,1	-9,30	-45,80

Homes	54,5	30,5	23,9	-6,60	-30,60
Mulleres	36,3	23,9	21,2	-2,70	-15,10
De 25 a 54 anos					
Total	949	864,8	827	-37,80	-122,00
Homes	522	464	435,5	-28,50	-86,50
Mulleres	427	400,8	391,5	-9,30	-35,50
De 55 e máis anos					
Total	160,2	163,8	167,3	3,50	7,10
Homes	96,1	88,9	91,3	2,40	-4,80
Mulleres	64,1	74,8	76,1	1,30	12,00

Fonte: EPA. INE.

Unha parte importante das novas activas pasaron a engrosar directamente as listas de desempregadas, xa que durante este período non se creou emprego. Máis ben ao contrario, destruíuse. Concretamente, 160.000 postos de traballo, dos cales 38.700 estaban ocupados por mulleres.

No último ano o descenso da ocupación alcanzou a 10.800 mulleres, ou o que é o mesmo, unha media de 30 mulleres perderon diariamente o posto de traballo durante 2012.

Segundo a idade, hai diferenzas importantes. Entre as menores de 55 anos destruíuse moito emprego neste período, mais como medrou a ocupación entre as maiores de 55 anos (en concreto, hai 12.000 ocupadas máis que no ano 2008 en que se comezou a destruír emprego en Galiza), a media non sae tan desfavorábel.

Con todo, deuse un cambio curioso na ocupación feminina galega segundo a idade. Así, destruíronse 50.600 postos de traballo femininos entre as menores de 55 anos e aumentaron en 12.000 as mulleres que con máis de 55 anos teñen un posto de traballo. E cómpre analizarmos a calidade destes postos de traballo.

No último ano (non temos datos desde 2008), as únicas mulleres que atoparon traballo foron estranxeiras, nin as españolas nin as de dobre nacionalidade; máis ben ao contrario, entre estas descendeu a ocupación.

A destrución de emprego feminino, aínda que xeneralizada, non está afectando igual a todos os sectores. Os datos son os seguintes.

Mulleres ocupadas segundo sector económico. Datos en miles.

	2008	2011	2012	Variación absoluta	
				2012/2011	2012/2008
Total	527,4	499,5	488,7	-10,80	-38,70
Agricultura e pesca	37,2	36,4	34,9	-1,50	-2,30
Industria	62,5	48,6	48,3	-0,30	-14,20
Construción	10,5	6,9	6,3	-0,60	-4,20
Servizos	417,2	407,6	399,2	-8,40	-18,00

Fonte: EPA .INE.

En principio, comparten protagonismo na destrución de emprego feminino industria e servizos (no resto dos sectores o peso do emprego feminino é simbólico), mais, aínda que no sector industrial no último ano se destruíu relativamente pouco emprego, no sector servizos a caída da ocupación foi moi elevada.

Esta evolución é moi preocupante e explica a menor incidencia da crise sobre o emprego feminino, xa que, ata o de agora, o sector servizos fora o que menos emprego perdera, e de aí que o emprego feminino se vise menos afectado, dado que maioritariamente máis do 80% das mulleres desenvolven o traballo fóra do fogar nalgunha das actividades relacionadas co sector servizos. Na medida en que este sector se vexa afectado, e no último ano foi o máis afectado, a caída do emprego feminino pode ser moi grave a curto prazo.

É importante coñecermos que ramas de actividade foron as máis prexudicadas durante 2012. No cadro seguinte achegamos a distribución do emprego feminino por ramas de actividade ordenadas de maior perda de emprego a menor.

Mulleres ocupadas segundo rama de actividade. Datos en miles.

	2011	2012	Variación absoluta
Total	499,5	488,7	-10,80
Actividades inmobiliarias...	27,1	23,8	-3,30
Educación	49,1	45,9	-3,20
Comercio por xunto e ao retallo	89,9	87,8	-2,10
Actividades sanitarias e de servizos sociais	64,4	62,4	-2,00
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	32,2	30,4	-1,80
Hostalaría	41,4	39,9	-1,50
Actividades profesionais, científicas e técnicas	22,8	21,9	-0,90
Administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria	28,9	28,1	-0,80
Industrias extractivas...	8,8	8,2	-0,60
Construción	6,9	6,3	-0,60
Industria téxtil, do coiro e do calzado	9,5	9	-0,50
Industria da madeira	1,3	0,9	-0,40
Industria da alimentación, bebidas e tabaco	19,7	19,5	-0,20
Transporte e almacenamento	9,4	9,6	0,20
Pesca e acuicultura	4,2	4,5	0,30
Industria do papel, artes gráficas e reprodución de soportes gravados	0,7	1	0,30
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	2,4	2,7	0,30
Información, comunicacións...	13	13,3	0,30
Actividades financeiras e de seguros	8,8	9,6	0,80
Fabricación de maquinaria	8,6	9,7	1,10
Outros servizos	50,4	54,2	3,80

Fonte: EPA. INE.

Actividades inmobiliarias, derivadas directamente da construción, é onde máis emprego se destrúe. Despois desta rama de actividade, chama a atención a forte caída do emprego na educación, algo que a CIG vén denunciando desde hai tempo, e xa as estatísticas visibilizan con total claridade.

Tamén en sanidade e servizos sociais se dá un importante descenso do número de mulleres ocupadas.

Destacan, así mesmo, comercio polo xunto e hostalaría, ambas con importante presenza feminina e onde a crise se está deixando notar especialmente.

No último ano, o emprego que se perdeu foi todo asalariado practicamente.

Mulleres ocupadas segundo categoría profesional. Datos en miles.

	2011	2012	Variación absoluta
Total	499,5	488,7	-10,80
Empresaria con persoal asalariado	23,3	23,4	0,10
Traballadora independente ou empresaria sen asalariados/as	68,8	70,9	2,10
Asalariada do sector público	109,2	102,4	-6,80
Asalariada do sector privado	292,4	287	-5,40
Axuda na empresa ou negocio familiar	5,2	4	-1,20
Outros	0,7	1	0,30

Fonte: EPA .INE.

Apenas o grupo de traballadoras independentes ou empresarias sen asalariados/as -as coñecidas autónomas-, aumentaron. En concreto, 2.100 mulleres optaron por traballar por conta propia. Pola contra, foron 12.200 as traballadoras asalariadas, sexa do sector público ou do privado, que perderon o posto de traballo. E esta perda de postos de traballo femininos de asalariadas foi superior no sector público que no privado durante 2012.

Xunto ao tipo de emprego convén analizarmos como evoluciona o tipo de xornada.

Mulleres ocupadas segundo tipo de xornada.

	Mulleres					
	Total		Completa		Parcial	
	2011	2012	2011	2012	2011	2012
Total	499,5	488,7	398,2	385,6	101,4	103,1
de 16 a 19 anos	2,7	2,1	1,1	1,0	1,6	1,1
de 20 a 24 anos	21,2	19,1	12,4	9,6	8,8	9,5
de 25 a 29 anos	54,3	51,1	42,9	38,6	11,4	12,5
de 30 a 34 anos	74,3	69,8	58,4	55,2	15,9	14,6
de 35 a 39 anos	76,4	75,8	62,1	59,7	14,3	16,1
de 40 a 44 anos	69,8	70,6	57,2	56,7	12,6	13,9
de 45 a 49 anos	66,3	66,5	53,6	54,8	12,7	11,7
de 50 a 54 anos	59,6	57,6	49,0	46,1	10,6	11,5

de 55 a 59 anos	40,6	43,0	34,0	37,0	6,6	6,0
de 60 a 64 anos	29,1	27,3	23,5	22,4	5,7	5,0
de 65 e máis anos	5,1	5,7	3,9	4,5	1,2	1,2

Fonte: EPA .INE.

A pesar da caída global da ocupación feminina, esta medra entre as mulleres con xornada a tempo parcial. Pérdense 12.600 empregos femininos a tempo completo e aumenta en 1.700 empregos a xornada parcial.

Tamén entre os homes medra a ocupación a xornada parcial, mentres descenden fortemente os empregos a xornada completa.

Tendo en conta simplemente o tipo de xornada, vemos como a crise está mudando tamén os empregos que permanecen ou se crean novos, reducindo o tempo de duración da xornada laboral. E este tipo de xornada leva implícita uns menores ingresos, un menor tempo de cotización, etc., é dicir, non só prexudica a persoa neste momento senón a ese traballador como futuro pensionista. Tampouco non debemos esquecer que este tipo de xornada prexudica ao sistema público de pensións, xa que as achegas a esta son inferiores ás dun traballador con xornada completa, polo que a ratio dous cotizantes por pensionista perde razón de ser na medida que este tipo de xornada se vaia estendendo.

Tamén se reduce a taxa de temporalidade, mais non polo incremento dos contratos temporais, senón pola maior redución, porcentual, dos asalariados e asalariadas con contrato temporal que dos e das indefinidas.

Asalariados/as segundo sexo e tipo de contrato.

	Total	Homes	Mulleres
Total 2010	863,2	460,9	402,4
2011	847,9	446,4	401,6
2012	803,4	414,1	389,4
Contrato indefinido 2010	646,5	357,7	288,8
2011	638,2	346,2	292,1
2012	617,4	328,1	289,4
Contrato temporal 2010	216,8	103,2	113,6
2011	209,7	100,2	109,5
2012	186,0	86,0	100,0
Taxa de temporalidade 2010	25,1	22,4	28,2
2011	24,7	22,4	27,3
2012	23,1	20,7	25,6

Fonte: EPA.INE.

Tamén se reduciron as e os asalariados con contrato indefinido, tanto de homes como de mulleres, pero en menor proporción que as e os temporais; de aí a redución da taxa de temporalidade.

Desgraciadamente, esta redución da taxa de temporalidade non vén da man - como levamos anos reclamando- dunha estabilidade no emprego da clase traballadora, senón dunha maior redución do emprego das e dos asalariados temporais.

Nos 10 anos previos á crise, de crecemento económico, creáronse miles de postos de traballo, na maioría dos casos de carácter temporal, chegando nalgúns anos a temporalidade a acadar ao 37% das mulleres asalariadas. Esta inestabilidade no emprego ía acompañada, en moitas ocasións, de salarios inferiores. Chega a crise e estas asalariadas son as primeiras en perderen o posto de traballo (de aí redución da taxa de temporalidade), pasando a engrosar as listas do desemprego. E a escasa duración da maioría dos contratos temporais, a abundancia de xornadas a tempo parcial, e en resumo os cativos ingresos, está a implicar unhas prestacións escasas en contía e duración, o que leva a moitas mulleres a estados de emerxencia.

E mesmo as mulleres que manteñen un posto de traballo, en xeral reduciron os ingresos.

Os datos da Axencia Tributaria así o aseveran.

Ingresos medios segundo sexo.

	2010	2011	Variación %
Total	18314	18.271	-0,23
Homes	20.408	20.393	-0,07
Mulleres	15.704	15.688	-0,10

Fonte. Informe sobre salarios e pensións. Axencia Tributaria.

Non temos datos de 2012, mais os de anos anteriores mostran claramente como, xunto á destrución de emprego, se está dando unha importante redución dos ingresos, redución debida non só aos menores ingresos dos traballadores/as que entran no mercado de traballo, senón polo redución das condicións salariais dos traballadores e traballadoras que mantiveron o posto de traballo. Sirva de exemplo o tema do funcionariado, onde as mulleres son maioría, pero tamén unha parte importante das empresas privadas reduciron as nóminas, nalgúns casos xustificadas economicamente, noutros aproveitando a conxuntura.

Sexa por unha ou outra razón, en conxunto reducíronse os ingresos medios das e dos asalariados galegos nun 0,23% durante 2011: 0,10% no caso das mulleres, 0.07% no dos homes.

As diferenzas salariais por sexo seguen manténdose. E así, de media, as mulleres cobran un 75% do que cobran os homes.

Parte dos baixos ingresos débense á abundancia de contratos que se asinan, polo que a duración destes é escasa e, polo tanto, os ingresos tamén.

Contratos de traballo asinados ao longo de 2012 segundo sexo.

	Total	Homes	Mulleres	Mulleres/ total
	2012	2012	2012	
Total de contratos iniciais	640.745	329.836	310.909	48,5
Indefinido ordinario e fomento do emprego	30.125	16.102	14.023	46,5
De obra ou servizo	228.635	134.166	94.469	41,3
Eventual por circunstancias da produción	278.613	139.013	139.600	50,1
Interinidade	76.194	22.301	53.893	70,7
En prácticas	2.327	1.057	1.270	54,6
Para a formación	5.258	2.647	2.611	49,7
Outros	19.593	14.550	5.043	25,7
Convertidos en indefinidos	20.583	10.648	10.935	53,1
Total contratos	661.328	340.484	321.844	48,6

Fonte: SEPE.

Ao longo de 2012 asináronse 640.745 contratos, o 48% a nome de mulleres; a maioría, de duración determinada. De feito, apenas o 7,7% do total son de duración indefinida, tendo en conta os indefinidos iniciais e os convertidos a indefinidos.

Este avultado número de contratos que se rexistran cada ano pon de manifesto a elevada flexibilidade do noso mercado de traballo e as enormes facilidades que hai para despedir as e os traballadores, ou para non renovar o seu contrato. De aí que non poida ser esta a causa da crise, máis ben pode ser a crise a consecuencia desta alta flexibilidade e rotación no emprego (no caso das mulleres asinouse unha media de 2,9 contratos por muller asalariada con contrato temporal); o ano pasado foran 2,7. Esta alta rotación impide a unha porcentaxe moi elevada de traballadores e traballadoras a estabilidade necesaria que lles dea confianza para consumir, e tirar da demanda, condición *sine qua non* para saír da crise no sistema capitalista de consumo no que nos movemos.

Así mesmo, medra a rotación das traballadoras con contrato temporal a pesar de aumentar o número de contratos indefinidos asinados con respecto á 2011. Isto é debido ao descenso de mulleres con contrato temporal.

Contratos por sexo segundo a duración.

		2008	2011	2012	2012/ 2011
Temporais	Homes	361.270	315.035	313734	-0,4
	Muller	344.825	302.772	296886	-1,9

Indefinidos	Homes	26.231	16.782	16102	-4,1
	Muller	20.192	11.697	14023	19,9
Total	Homes	387.501	331.817	329836	-0,6
	Muller	365.017	314.469	310909	-1,1

Fonte: SEPE.

O incremento nos contratos indefinidos a mulleres, que non só ocorre nos iniciais, senón tamén nos convertidos a indefinidos, pode deberse en parte á modificación do réxime especial de traballadoras do fogar, antes sen contrato e agora con el, ao ser este réxime asimilado polo xeral.

Menos ingresos, menos ocupación e máis paro.

Taxa de paro. Mulleres.

	Mulleres		
	2008	2011	2012
Total	10,4	18,3	20,4
de 16 a 24 anos	24,0	36,6	45,1
de 25 a 54 anos	9,4	18,2	20,0
de 55 e máis anos	7,3	10,8	12,2

Fonte: EPA. INE.

A taxa de paro entre as mulleres duplicouse en 5 anos. Así, a finais do 2008 acadara un valor relativamente baixo (10,4%), cando menos dos máis baixos que teñen acadado as taxas de paro femininas, mais en apenas un quinquenio está novamente en valores inaceptábeis, do 20,4%; e nomeadamente isto afecta ás mulleres máis novas, cun 45% de taxa de paro.

Estas elevadas taxas de paro conviven cunha forte emigración, senón aínda serían moito máis elevadas.

Evolución da poboación feminina en Galiza¹.

	Mulleres				Variación 2012/2009
	2012	2011	2010	2009	
Galiza					
Total	1.410.761	1.416.412	1.419.427	1.418.392	-7.631
0 a 4 anos	53.566	53.846	53.764	53.150	416
5 a 9 anos	53.065	52.366	51.884	50.995	2.070
10 a 14 anos	50.323	50.028	49.541	49.473	850
15 a 19 anos	52.392	54.038	55.727	57.245	-4.853
20 a 24 anos	62.733	65.479	68.361	71.270	-8.537
25 a 29 anos	79.901	85.189	90.456	95.432	-15.531
30 a 34 anos	104.558	108.867	111.951	113.064	-8.506
35 a 39 anos	112.622	111.638	110.169	108.621	4.001
40 a 44 anos	106.626	106.231	105.525	104.376	2.250

¹ Os datos son a 1 de outubro de cada ano.

45 a 49 anos	102.302	101.658	100.857	100.131	2.171
50 a 54 anos	98.670	97.712	96.302	94.332	4.338
55 a 59 anos	89.953	88.412	87.202	86.282	3.671
60 a 64 anos	85.251	85.768	85.908	85.682	-431
65 a 69 anos	82.861	81.145	78.659	75.704	7.157
70 a 74 anos	69.825	69.863	71.923	75.565	-5.740
75 a 79 anos	76.298	78.327	78.988	78.336	-2.038
80 a 84 anos	64.190	62.348	60.597	58.986	5.204
85 a 89 anos	40.759	39.704	38.800	37.877	2.882
90 a 94 anos	18.979	18.150	17.435	16.766	2.213
95 a 99 anos	5.236	5.006	4.788	4.570	666
100 y más anos	651	637	588	534	117

Fonte: INE. Estimación da poboación actual en España.

Un total de 37.427 mulleres de entre 15 e 34 anos abandonaron Galiza neste período, a maioría de entre 25 e 29 anos. Son mulleres que rematan os estudos, non atopan traballo e emigran. Igual pasa cos homes.

Que futuro lle queda a un país que se permite perder parte dos mellores activos que ten? Hai posibilidades de recuperación así?

Non, e o máis grave é que nin tan sequera se fala deste éxodo de poboación nova e formada, e non se fala porque senón as taxas de paro medrarían unha media de 5 puntos e deixariamos de ter o diferencial coa media estatal e os nosos gobernantes non terían de que presumir. Os efectos a longo prazo son tremendos, non só para a recuperación económica senón no que ten a ver co envellecemento da poboación, outro dos grandes problemas que soportamos.

Como vemos nos datos do cadro, logo destes intervalos de idade, pérdese poboación en idade avanzadas, seguramente polo propio proceso natural.

Máis emigración, máis paro e máis tempo nesta situación.

Desde o ano 2008 aumentou a poboación parada en 156.000 persoas, das cales 64.600 -o 41,4%- son mulleres.

E outra "ironía do destino". Agora son máis os homes parados estimados pola EPA que as mulleres, algo insólito, mais isto non se debe á mellora da situación das fémias, senón ao forte empeoramento da situación laboral dos homes.

Parados/as segundo sexo.

	2008	2011	2012	Variación absoluta	
				2012/2011	2012/2008
Total	114,7	228,3	270,7	42,40	156,00
Homes	53,7	116,4	145,1	28,70	91,40
Mulleres	61,0	111,8	125,6	13,80	64,60

Fonte: EPA. INE.

Este diferencial, por primeira vez a favor das mulleres, coidamos que pode ser unha miraxe, xa que o sector servizos -que ata o de agora tivo un comportamento aceptábel- xa está dando signos claros de recesión, polo que probablemente asistamos a corto prazo a unha forte caída do emprego feminino.

Das 125.600 mulleres paradas, 113.300 traballaran anteriormente, é dicir. non buscan o primeiro emprego. A seguir, achegamos a distribución segundo o tempo que estas mulleres levan sen traballar.

Mulleres paradas que xa traballaran antes por tempo á procura de emprego

	Mulleres	
	2011	2012
Total		
Total	102,3	113,3
Menos de tres meses	16,8	16,8
De tres a cinco meses	14,7	16,4
De seis a doce meses	19,6	22,1
Máis dun ano	51,2	58,0

Fonte: EPA. INE.

Vai medrando o número de paradas a medida que aumenta a súa permanencia nesta situación. Máis da metade das mulleres paradas hai máis dun ano que perderon o último traballo.

Pero esta precaria situación non anima á inactividade, tal e como se deduce dos datos do cadro seguinte.

Poboación inactiva segundo sexo.

Total	2008	2011	2012	V. absoluta	
Inactivos				2012/2011	2012/2008
Total	1.072,80	1.065,80	1.055,00	-10,80	-17,80
Homes	414,1	435,3	433,2	-2,10	19,10
Mulleres	658,7	630,4	621,8	-8,60	-36,90

Fonte: EPA.INE.

Desde que se instalou a crise no noso país, medrou fortemente o número de homes que pasaron a unha situación de inactividade, na maioría dos casos por xubilación anticipadas, prexubilacións, etc. De feito, se desagregamos a inactividade segundo clases, no caso dos homes aumenta fortemente o de xubilados e pensionistas. No caso das mulleres, dado o seu historial laboral, apenas se poden acoller a este tipo de saídas laborais e queda o paro, e o máis común cando se quedan sen traballo é ir o paro se non se está na idade legal de xubilación.

No cadro seguinte, vese a evolución das mulleres inactivas nos últimos tres anos (non dispomos de datos anteriores).

Mulleres inactivas segundo clase de inactividade.

	Mulleres		
	2010	2011	2012
Galiza			
Total	647,8	630,4	621,8
Estudantes	80,9	80,0	71,2
Retiradas, xubiladas e pensionistas	297,0	306,3	306,4
Labores da casa	210,3	191,3	190,8
Outros	58,7	50,9	52,0
Non sabe. Non refire estado de inactividade	0,9	1,9	1,5

Fonte: EPA.INE.

Ao contrario que no caso dos homes, entre as mulleres descende a inactividade polo descenso das mulleres que se dedican aos labores da casa.

Descenden as inactivas practicamente en todos os grupos de idade agás nas de máis de 65 anos. Posibelmente isto agoche -como diciamos ao principio deste documento- unha forte necesidade de ingresos no fogar. De feito, medraron fortemente os fogares con necesidades económicas.

Dado o importante número de mulleres xubiladas e pensionistas, é importante analizarmos os ingresos deste colectivo.

Número e importe medio das pensións contributivas segundo xénero e clase.

	Número			Importe medio (euros)			Porcentaxe de Mulleres
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	
2012							
Total	737.072	339.827	397.235	702,71	873,87	556,29	53,89
Incapacidade permanente	69.933	47.156	22.775	781,21	837,48	664,7	32,57
Xubilación	454.584	260.688	193.891	789	941,69	583,72	42,65
Viuvez	185.500	18.935	166.563	508,74	377,97	523,6	89,79
Orfandade	21.383	11.229	10.153	360,62	360,34	360,94	47,48
Favor familiares	5.672	1.819	3.853	452,15	428,85	463,15	67,93

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Os menores salarios xeran unhas menores prestacións e así se evidencia no cadro anterior.

Son máis as mulleres que reciben algunha pensión que os homes. En concreto, o 53,89% dos pensionistas son mulleres. No ano 2012, 397.235 mulleres recibiron algún tipo de prestación contributiva, sendo a maioría de xubilación ou viuvez. O que marca a diferenza cos homes é o elevado número de viúvas que hai en Galiza; o 89,7% das pensións de viuvez percíbenas mulleres.

Son maioría as mulleres, mais o importe medio é moi inferior. De feito, só superan, de media, os 600 euros as prestacións de incapacidade permanente.

As prestacións máis abundantes, as de xubilación, teñen unha contía media de 583,72 euros. Mentres, o 61,9% do dos homes que acada os 941,69 euros.

Só nas de viuvez, a ser a base de cálculo a base de cotización do home, superan as femininas ás masculinas.

No so perciben unha contía menor nas prestacións contributivas, senón que tamén son a maioría das perceptoras das non contributivas e nas do RISGA.

Pensións non contributivas segundo sexo.

Total					
	Galiza				
	2008	2009	2010	2011	2012
Total					
Total	49.421	47.940	46.511	45.378	44.448
Homes	14.914	14.630	14.334	14.116	13.906
Mulleres	34.507	33.310	32.177	31.262	30.542

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

O 68% dos/as pensionistas das non contributivas son mulleres. A contía desta pensión foi de 357,70€ mes.

Este tipo de pensións estase reducindo polo incremento no acceso ao mercado de traballo de ambos os sexos.

Beneficiarios/as da renda de integración social de Galiza.

RISGA					
	2008	2009	2010	2011	2012
Galiza					
Ambos os sexos	4.350	4.798	4.989	5.416	6.427
Homes	1.506	1.732	1.871	2.159	2.725
Mulleres	2.844	3.066	3.118	3.257	3.702

Fonte: IGE

No que atinxe á RISGA, a contía está en torno aos 400 euros para os que non teñen cargas familiares, e tamén neste caso son maioría as mulleres, o 57,%. Porén, cada vez hai máis homes que recorren a esta axuda desde o ano 2008. De feito, neste ano as mulleres eran o 65%, e hoxe case 10 puntos menos.

Este dato é un bo indicador de como están medrando as situacións de extrema necesidade, tanto para homes como para mulleres.

Cada ano que pasa, a crise déixase notar máis na situación sociolaboral das mulleres: a ocupación descende, o paro aumenta, os ingresos baixan... E como consecuencia disto, cada vez máis mulleres sobreviven grazas á axuda social, sexa pública ou privada.

O máis grave xa non é que isto ocorra, senón que non se está aplicando ningunha medida para que se modifique, máis ben ao contrario. Todo parece indicar que agora vai ser entre as mulleres onde máis empeore a situación, xa que o sector servizos, maioritariamente feminizado, está entrando en caída libre, tanto no sector público como no privado. E abonda con só lembrarmos os anuncios, para este ano 2013, de recortes de persoal no sector público e na banca.

As condicións laborais dos traballadores/as ocupados están empeorando paulatinamente. Aumentos de xornadas e redución de ingresos é o día a día da nosa realidade. Xunto a isto, medran os impostos ao consumo, o que leva a un descenso da capacidade adquisitiva da poboación e a un empobrecemento xeneralizado. Mentres, un grupo cada vez máis reducido de poboación acapara unha parte cada vez maior da riqueza que se xera.

Ante isto, as mulleres estamos fartas: fartas de traballarmos as mesmas horas por un salario inferior, fartas de xornadas parciais para conciliarmos a vida laboral e familiar, fartas de asinarmos varios contratos de tan escasa duración que non nos permiten acceder á prestación contributiva do desemprego, fartas de incrementarmos as listas de desempregadas, etc. Estamos fartas.

Vigo, 18 de febreiro de 2013.
Natividad López Gromaz.
Gabinete Técnico Confederal.